



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Castelá e Literatura		
Docente	M ^a del Pilar Andión Méndez, Patricia Fernández López, José Antonio García Martínez		
Curso/Grupo	2ºESO	Ano académico	2023-2024
Contidos: 3 unidades cada trimestre			
1ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>A linguaxe e as linguas: realidade plurilingüe de España, a variedade dialectal do castelán; os prexuízos estereotipos lingüísticos. A linguaxe dos signos.</p> <p>Gramática: - Identificación das categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais: substantivos, adxectivos, pronomes e determinantes. Distinción entre a forma e a función.</p> <p>- Procedementos de formación de palabras.</p> <p>Léxico e semántica: valores connotativos e denotativos segundo o contexto e a intención.</p> <p>Educación literaria: O xénero narrativo.</p> <p>Libro de lectura obrigatoria: <u><i>Las lágrimas de Shiva</i></u>: César Mallorquí</p>		
2ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Comunicación: os textos expositivos. O texto e as súas propiedades. Os mecanismos de cohesión. Os textos dialogados</p> <p>Gramática: - Identificación das categorías gramaticais: verbo, adverbio, preposición e conxunción. Categorías gramaticais que aportan cohesión e adecuación aos textos. - Recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: deíxe (persoal, temporal e espacial); recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación. - Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais)</p> <p>Léxico e semántica: Mecanismos léxicos de cohesión (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</p> <p>Lingua e sociedade: Identificación e rexeitamento de usos discriminatorios e sexistas.</p> <p>Educación literaria: comparación entre textos pertencentes a distintos xéneros e subxéneros literarios. Análise e creación de textos literarios variados.</p> <p>Libro de lectura obrigatoria: <u><i>El niño con pijama de rayas</i></u>. Jhon Bayne</p>		
3ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Lingua e sociedade: xéneros discursivos propios do ámbito social. Textos dos medios de comunicación e as redes sociais. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</p>		



	<p>Coñecemento da lingua - A oración simple. Relación entre o esquema semántico e sintáctico da oración simple. Orde das palabras e concordancia.</p> <p>- Mecanismos de cohesión. conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor; procedementos de modalización.</p> <p>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizado</p> <p>Educación literaria: Comprensión, análise e creación de textos líricos.</p> <p>Libro de lectura obrigatoria: <u>El príncipe de la niebla</u>: Carlos Ruiz Zafón</p>
Obxectivo	
Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia	
Metodoloxía	
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilízase o libro dixital das distintas editoriais que aparecen na plataforma, así como aqueles recursos en papel ou dixital que o profesorado que imparte a materia considere interesante.	
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)	
<p>Procedementos de avaliación continua</p> <p>Realizaranse probas orais ou escritas.</p> <p>1) Probas orais. Exposicións orais.</p> <p>-Comentario e análise de texto (oral).</p> <p>2) Probas escritas.</p> <p>-Comentarios e análise de textos (escritos).</p> <p>-Probas escritas das unidades didácticas.</p> <p>Faranse unha ou máis probas por avaliación.</p> <p>As probas escritas e orais representan o 80% da nota. O 20% restante repártese entre observación sobre a actitude do alumnado, o comportamento, traballos individuais ou en grupo, libro de lectura obrigatoria ou caderno do alumnado onde se reflicte todo o traballo da avaliación e outras actividades que considere o/a profesor/a.</p> <p>A media en cada avaliación poderase facer mediante redondeo a partir do medio punto, sempre e cando non sexa mala a actitude do alumno e amose interese pola materia.</p>	



En canto á observación do traballo na aula, valorarase a atención, a participación, a realización dos exercicios propostos e de traballos individuais ou en equipo.

O/a profesor/a poderá fixar as recuperacións que considere pertinentes.

A cualificación final será unha media das tres avaliacións. Cada profesor/a fixará cal debe ser esa nota mínima.

A proba final, para aqueles/as alumnos/as que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques.

Proceso de avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

A proba final, para aqueles/as alumnos/as que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

-PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E EXAMES

Restarase entre 0,25 e 0,50 puntos pola presentación inadecuada de traballos e exames. -
ACTITUDE EN CLASE

Valorarase positivamente o interese, traballo e participación.

-FALTAS ORTOGRÁFICAS

Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderanse descontar 0,25 puntos por cada falta ortográfica e de expresión, ata un máximo de dous puntos.

Se o/a profesoar observa que un/unha alumno/a copia, será avaliado cun 0 nesa proba.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Castelá e Literatura		
Docente	Ana Osorio Álvarez		
Curso/Grupo	4ºESO	Ano académico	2023-2024
Contidos: 3 unidades cada trimestre			
1ª Avaliación	<p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: A argumentación. Elementos dos textos argumentativos. Estruturas argumentativas. Tipos de textos argumentativos. Comprensión e redacción de textos argumentativos.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua: Identificación das clases de palabras I. A oración simple.</p> <p>Bloque 4: Educación literaria. O Romanticismo. Realismo e Naturalismo</p> <p>Lectura obrigatoria: <u>La playa de los cristales</u>, de Pedro Ramos.</p>		
2ª Avaliación	<p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: - Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua. Identificación das clases de palabras II. A oración composta por coordinación. A oración composta por subordinación substantiva. Bloque</p> <p>4: Educación literaria: Literatura do século XX antes da Guerra Civil</p> <p>Lectura obrigatoria: <u>La noche más oscura</u> de Ana Alcolea.</p>		
3ª Avaliación	<p>Bloque 1 e 2: escoitar, falar; ler e escribir: - Textos dos medios de comunicación. - Comprensión e redacción de textos periodísticos e publicitarios.</p> <p>Bloque 3: Coñecemento da lingua: A oración composta adxectiva e subordinada adverbial.</p> <p>Bloque 4: Educación literaria: Literatura do século XX posterior á Guerra Civil</p> <p>Lectura obrigatoria: <u>Nadie al otro lado</u> de Jordi Serra i Fabra.</p>		
Obxectivo			
Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia			
Metodoloxía			
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilízase o libro da editorial Santillana Lengua y Literatura. Construyendo caminos. Ano 2023. ISBN 978-84-689-4999-1 así como aqueles recursos en papel ou dixital que o profesorado que imparte a materia considere interesantes.			



<p>Proceso de Avaliación Ordinaria (Ferramentas, procedementos, etc.)</p> <p>Procedementos de avaliación continua</p> <p>Realizaranse probas orais ou escritas.</p> <p>1) Probas orais. Exposicións orais.</p> <p>-Comentario e análise de texto (oral).</p> <p>2) Probas escritas.</p> <p>-Comentarios e análise de textos (escritos).</p> <p>-Probas escritas das unidades didácticas.</p> <p>Faranse unha ou máis probas por avaliación.</p> <p>As probas escritas e orais representan o 80% da nota. O 20% restante repártese entre observación sobre a actitude do alumnado, traballos individuais ou en grupo, libro de lectura obrigatoria ou caderno do alumnado onde se reflicte todo o traballo da avaliación e outras actividades que considere a profesora.</p> <p>A media en cada avaliación poderase facer mediante redondeo a partir do medio punto, sempre e cando non sexa mala a actitude do alumno e amose interese pola materia.</p> <p>En canto á observación do traballo na aula, valorarase a atención, a participación, a realización dos exercicios propostos e de traballos individuais ou en equipo.</p> <p>A profesora poderará fixar as recuperacións que considere pertinentes.</p> <p>A cualificación final será unha media das tres avaliacións. Cada profesor/a fixará cal debe ser esa nota mínima.</p>
<p>Proceso de avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)</p> <p>A proba final, para aqueles/as alumnos/as que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques</p>
<p>Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación</p> <p>-PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E EXAMES</p> <p>Restarase entre 0,25 e 0,50 puntos pola presentación inadecuada de traballos e exames. -</p> <p>ACTITUDE EN CLASE</p> <p>Valorarase positivamente o interese, traballo e participación.</p> <p>-FALTAS ORTOGRÁFICAS</p>



Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderanse descontar 0,25 puntos por cada falta ortográfica e de expresión, ata un máximo de dous puntos.

Se o/a profesor/a observa que un/unha alumno/a copia, será avaliado cun 0 nesa proba.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	ORATORIA	Departamento	Lingua Castelá e Literatura
Docente	Iago Jesús Rodríguez Yáñez		
Curso/Grupo	3.º ESO e 4.º ESO	Ano académico	2023-2024
Contidos (indicacións xenéricas)			
1.º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -A arte da retórica -A estrutura da argumentación -¿Como argumentar? 		
2.º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -O debate académico: disposición da súa estrutura -As trampas da argumentación ou a linguaxe política actual. As falacias -Coherencia, cohesión e adecuación. Os recursos mnemotécnicos 		
3.º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -Recursos estilísticos para persuadir -Exemplos de debate académico -Propostas de debate. O torneo: ¿Que cambios precisa o ensino? 		
Obxectivos			
<ul style="list-style-type: none"> -Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva e para configurar a nosa traxectoria académica e vital. -Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral. -Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da realidade social e dos seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais. -Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de modo autónomo, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia. -Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo. 			
Metodoloxía			
<p>Partiremos dunha metodoloxía activa e participativa, polo que serán continuas as intervencións do alumnado, co apoio de textos actuais de diversa índole e de vídeos relativos ás preocupacións cotiás. Realizaremos discursos variados e traballaremos en especial -tanto individualmente coma en pequeno e gran grupo- as características do debate e as súas modalidades, coa finalidade de aprender a falar en público en función do contexto e do auditorio, sen esquecer os aspectos proxémicos e propiamente xestuais.</p> <p>Trátase, en suma, dunha materia absolutamente multidisciplinar na que se practican a axilidade dialéctica e os valores prosódicos, co ánimo de argumentar, persuadir e emocionar, sempre con honestidade e respecto.</p>			
Proceso de avaliación ordinario (ferramentas, procedementos, etc.)			
1. Proceso de cualificación trimestral			
<p>A efectos de cualificar ó alumnado, valoraremos as periódicas, múltiples e diversas intervencións orais (discursos de distinta feitura, argumentacións, comentarios críticos, debates...), que posuirán un valor do 70% na cualificación global, mentres que o restante 30% derivarase dos textos escritos previos ás exposicións orais e preparatorios das mesmas, así como da actitude de traballo, motivación, participación, respecto polas opinións alleas, responsabilidade e interese.</p> <p>O redondeo da cualificación trimestral farase á alza á unidade inmediatamente superior se a nota resultante na sección decimal é igual ou superior a 0,5 e sempre que se manifeste unha actitude respectuosa e interese pola materia.</p>			
2. Proceso de recuperación de seccións pendentes			
<p>Logo de cada avaliación o alumnado disporá da posibilidade de recuperar aquelas seccións pendentes, para así mellorar na práctica discursiva e na creación de textos orais. Antes da finalización do curso, o alumnado con algunha avaliación suspensa desfrutará dunha nova posibilidade de recuperación co obxectivo de tentar superar as partes afectadas.</p>			

Proceso de avaliación final (ferramentas, procedementos, etc.)

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final resulta preciso aprobar as tres avaliacións, polo que a nota correspondente obterase grazas á media das tres avaliacións. Poderemos aplicar o redondeo, sempre e cando documentasemos ó longo do curso unha actitude de traballo, de respecto e de interese; aplicaranse, polo tanto, os mesmos parámetros que os indicados no redondeo da cualificación trimestral e que son recollidos no apartado do proceso de avaliación ordinario.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Aquel alumnado que faga algún tipo de trampa nas diferentes probas terá un 0 nesa parte e polo tanto non poderá superar a materia nesa avaliación. Por outra banda, un traballo plaxiado non será admitido e non se permitirá presentar outro.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua castelá e literatura.		
Docente	M ^a del Pilar Andión Méndez , Iago Rodríguez Yáñez, José Antonio García Martínez		
Curso/Grupo	2º de Bach.	Ano académico	2023-2024
Contidos			
1ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua: Resumo. Comentario crítico. A palabra: constituintes. Morfemas. Clases de palabras ou categorías gramaticais.</p> <p>O verbo: perífrasis verbais. Usos rectos e trasladados do verbo Creación de palabras. As relacións léxico-semánticas. Clases de palabras. As formas verbais e as distintas perífrasis verbais. Os sintagmas. A oración simple. - Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados</p> <p>3.- Literatura A poesía española do século XX: O Modernismo.</p> <p>Primeiro exame.</p> <p>- O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e Delmira Agustini.</p> <p>. A novela na xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.</p> <p>. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.</p> <p>As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez</p> <p>Segundo exame.</p> <p>- Evolución e características xerais da xeración do 27 a través dalgúns dos principais autores e autoras: Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda e Las Sinsombrero</p> <p>. Realismo e naturalismo. Características xerais. A narrativa realista: Galdós, Clarín e Pardo Bazán</p> <p><u>Romancero gitano</u> Federico García Lorca</p> <p>Apartado Lingua: Resumo. Comentario crítico. A palabra: constituintes. Morfemas. Clases de palabras o categorías gramaticais. O verbo: perífrasis verbais. Usos rectos y trasladados del verbo.A oración simple.</p> <p>Estas cuestións entran nos dous exames</p>		



2ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua: A oración composta. Oracións compostas por coordinación e subordinación substantiva e adxectiva. Valores do se. Leísmo, láismo e loísmo. Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados</p> <p>Primeiro exame:</p> <ul style="list-style-type: none"> . A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. Principais tendencias: Almudena Grandes, Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero . O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán. <p>Segundo exame:</p> <ul style="list-style-type: none"> . As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro. <p><u>La fundación</u>, Antonio Buero Vallejo</p> <p><u>El lector de Julio Verne</u>, Almudena Grandes</p> <p>Apartado Lingua: As cuestións entran nos dous exames.</p>
3ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua: A oración composta por subordinación adverbial. Semántica. Sinonimia, homonimia, antonimia.- Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados.</p> <ul style="list-style-type: none"> . A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e Gloria Fuertes -A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Delibes, Camilo José Cela, Carmen Laforet e Luis Martín Santos. . A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa <p><u>Crónica de una muerte anunciada</u>, Gabriel García Márquez</p> <p>Apartado Lingua: As cuestións entran nos dous exames</p>
Obxectivo	
Metodoloxía	



Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- a) Dúas probas escritas, que representarán o 90% da cualificación.
- b) Realización de traballos (tarefas escritas, comentarios e resumos, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións...), os cales serán valorados mediante táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc.), así como actitude de traballo, motivación, participación, respecto polas opinións alleas, responsabilidade e interese. As dúas seccións recollidas neste apartado posuirán un valor do 10% da cualificación da avaliación.

O redondeo da cualificación trimestral farase á alza á unidade inmediatamente superior se a nota resultante na sección decimal é igual ou superior a 0,5 e sempre que se manifeste unha actitude respectuosa e interese pola materia. A nota correspondente á avaliación final obtense grazas á media das tres avaliacións, se ben para obter unha cualificación positiva na avaliación final resulta preciso aprobar as tres avaliacións.

Poderemos aplicar o redondeo, sempre e cando documentásemos ó longo do curso unha actitude de traballo, de respecto e de interese; teranse en conta, polo tanto, os mesmos parámetros que os indicados no redondeo da cualificación trimestral e que figuran no parágrafo inmediatamente anterior.

Outros criterios adoptados polo Departamento

Presentacións de traballos e exames:

Restarase ata un 0,5 pola presentación inadecuada de traballos e exames.

Erros ortográficos:

Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderase descontar ata 0,25 por cada erro ortográfico ou de acentuación, ata un máximo de 3 puntos.

-Se o/a profesor/a observa que un/unha alumno/a copia nun exame, será avaliado/a cun 0 nesa proba.

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido literario específico desa avaliación, dado que a parte de lingua asume o rango de continua, polo que é recompilada ó longo do curso e vaise acumulando nas tres avaliacións; pola contra, os contidos literarios estudados en cada avaliación son eliminables e polo tanto non serán estudados na seguinte avaliación.



Se o alumnado obtén unha cualificación positiva na proba de recuperación, será esta a nota que se terá en conta na sección de literatura correspondente á avaliación oportuna.

Cando non se supere a materia antes da avaliación final ordinaria, poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

Exame de toda a materia có modelo actual da ABAU, no mes de xuño, segundo o calendario establecido pola xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)